

Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****LAMA, A****Ordenanzas e Regulamentos**

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE CORTA, SACA, DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA E DO APROVEITAMENTO DE SUBPRODUTOS FORESTAIS

EXPEDIENTE NÚM.: 309/2024.

Procedemento: Aprobación da Ordenanza reguladora da protección e conservación das vías públicas en relación coas operacións de corta, saca, depósito e transporte de madeira e do aproveitamento de subprodutos forestais do concello de A Lama.

Asunto: Anuncio aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da protección e conservación das vías públicas en relación coas operacións de corta, saca, depósito e transporte de madeira e do aproveitamento de subprodutos forestais do concello de A Lama.

SUMARIO

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da protección e conservación das vías públicas en relación coas operacións de corta, saca, depósito e transporte de madeira e do aproveitamento de subprodutos forestais do concello de A Lama.

TEXTO

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial de data 29 de xullo do 2024, aprobatorio do Regulamento Regulador do punto limpo do Concello da Lama, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE CORTA, SACA, DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA E DO APROVEITAMENTO DE SUBPRODUTOS FORESTAIS DO CONCELLO DE A LAMA.

PREÁMBULO

O Concello de A Lama ten unha ampla rede de camiños e vías públicas cuxo uso esixe unha regulación. Considerando a importancia que ten o sector forestal extractivo de madeira a leña no territorio municipal ou a incidencia desta actividade na conservación e mantemento do viario



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

público, cómpre compatibilizar as actividades de aproveitamento forestal coa conservación das vías e bens municipais, preservación do medio e coa protección da paisaxe.

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e eivas que poden sufrir os mesmos, como consecuencia das operacións de saca de madeira non doméstica, así como do triturado, enfardado, e en xeral do aproveitamento de subprodutos da corta (biomasa, astela,...), comprometéndose dentro desta, tanto das operacións preparatorias da corta da madeira como das posteriores.

ARTIGO 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicos municipais fronte os danos e eivas que poden sufrir os mesmos como consecuencia da actividade forestal extractiva de corta e saca de madeira ou aproveitamento de subprodutos forestais que se produzan no termo municipal de A Lama.

ARTIGO 2. Fundamento

Esta ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal definida nos artigos 25.2.d) o 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6, 80.2.d), 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 74 o seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais.

ARTIGO 3. Ámbito de aplicación.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

Inclúense os aproveitamentos de subprodutos das talas forestais tales como pacas de biomasa, triturado, etc.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- As cortas puntuais de exemplares de árbores illadas
- As podas, en xeral
- Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- Os traballos de roza e limpeza de parcelas
- As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: T41VJ8ODMBR2B3MC



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

ARTIGO 4. Comunicación de corta de árbores e transporte, carga de depósitos de madeira e subprodutos

Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, e sen prexuízo da necesaria obtención de permisos e autorizacións que sexan outorgados polos órganos competentes na materia, establécese a obrigatoriedade de presentar comunicación ante o Concello para efectuar talas ou entresacas en plantacións forestais e para o transporte e depósito de madeira así como o aproveitamento de subprodutos forestais, procedente dos traballos de explotación, polas vías públicas de titularidade municipal.

Será obrigatorio presentar no rexistro xeral do Concello unha comunicación conforme o modelo do Anexo I e será asinada polo titular da empresa madeireira responsable, ou ben polo dono da plantación, e fará constar:

- Datos do titular ou titulares da parcela.
- Datos da empresa madeireira ou empresa extractora
- Período previsto de inicio e remate dos traballos de saca de madeira.
- Especie forestal obxecto da tala.
- Toneladas que van a extraer.
- Identificación das parcelas afectadas de onde se vai a efectuar a extracción.
- Lugar de depósito, camiños e/ou vías a utilizar nos traballos de saca e transporte da madeira.
- Vehículos a utilizar no transporte, coa indicación da marca, modelo, matrícula, PMA e peso máximo.

Xunto co formulario de comunicación, deberase aportar a seguinte documentación:

- Copia da autorización para aproveitamento madeireiro ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Fichas catastrais das parcelas afectadas.
- Plano indicativo dos camiños e vías a empregar nos traballos.
- Plano indicativo das zonas elixidas para depósito de madeira.
- Xustificante do depósito de garantía.
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil en vigor.

Poderase facer unha comunicación previa para varias parcelas cando os traballos vaian a realizarse simultaneamente. Neste caso deberán constar na comunicación os seus datos de identificación, incorporando a correspondente ficha catastral.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

A presentación da comunicación debe dar cumprimento aos prazos da comunicación previa e presentala cun mínimo de 15 días hábiles previos á execución da tala.

Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello a documentación sinalada nos apartados anteriores, e previamente ao inicio dos traballos de saca de madeira, os servizos municipais poderán comprobar o estado físico das vías municipais que vaian a ser utilizados, obtendo fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física.

No impreso de comunicación de tala farase constar a obriga e conformidade por parte do titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no lugar específico todos os lixos que puideran depositarse e os restos derivados daquela (ramas, codias e follaxe).

O exercicio das actividades descritas no presente capítulo sen comunícalo con carácter previo, sen prexuízo da sanción correspondente, implicará a paralización da actividade ata a conclusión do expediente, ou a presentación da fianza polas cantidades máximas que puideran derivarse da súa instrución.

O Concello, excepcionalmente e de forma motivada, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou depósito por calquera vía municipal ou zonas indicadas na comunicación previa, tendo en conta o seu estado, resistencia ou estado do firme, a súa ubicación, a súa utilización nas atas solicitadas para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.

ARTIGO 5. Obrigas

Son obrigas do madeireiro ou empresa encargada de realizar as operacións de saca de madeira ou aproveitamento de subprodutos da corta, as seguintes:

- a) Presentar nas oficinas municipais o escrito de comunicación previa descrito no artigo 4.
- b) Constituír a garantía a favor do Concello, conforme ao establecido no artigo 6.
- c) Sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade da vía.
- d) Os restos ou depósitos de materiais procedentes de tala, poda ou entresaca, non poderán invadir as vías, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns, nin menoscar a funcionalidade das gabias, bueiros, canalizacións, pontes ou calquera outro tipo de canle ou paso de auga, como de calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ás vías, nin supoñer risco para os usuarios da vía.
- e) Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta da madeira ou da actividade realizada e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Esta obriga deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

- f) Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.
- g) Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
- h) Responder dos danos e eivas ocasionados nos lugares da tala, vías de acceso, instalacións e demais infraestruturas, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira ou do aproveitamento de subprodutos da corta.
- i) Nas vías de carácter supramunicipal estarase ó disposto polas administracións titulares.
- j) Comunicar a finalización dos traballos.

ARTIGO 6. Depósito ou fianza

A empresa madeireira ou a responsable do aproveitamento ingresará unha garantía ou fianza a favor do Concello, na Tesourería Municipal, co obxecto de responder do arranxo das eivas que se puideran producir nos vías municipais, e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira, non reparados voluntariamente, na contía establecida nesta ordenanza para cubrir, en caso preciso, os danos orixinados na rede viaria.

A fianza será devolta tras a comunicación do interesado do remate da actividade e previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, no que quede constancia que non se causaron danos nin eivas nas vías e infraestruturas públicas municipais e que se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza.

A devolución da garantía efectuarase nun prazo de 1 mes, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, que comprobarán o estado de conservación e limpeza das vías e espazos de dominio público local.

A cantidade do depósito ou fianza ascenderá as seguintes cantidades segundo as toneladas recollidas:

Ata 20 Tn	100,00 €
De 20 Tn a 100 Tn	200,00 €
De 100 Tn a 300 Tn	500,00 €
De 300 Tn a 500 Tn	1.000,00 €
De 500 Tn a 700 Tn	1.500,00 €
De 700 Tn a 900 Tn	2.000,00 €
De 900 Tn a 1.500 Tn	2.500,00 €
A partir de 1.500 Tn	3.000,00 €



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

A empresa madeireira ou empresa responsable, poderá depositar tamén unha garantía anual por importe de 3.000 euros que responderá das distintas cortas a realizar no termo municipal. Neste caso, esta garantía deberase depositar no Concello nos primeiros dez días hábiles do ano. A partir de aí os diferentes traballos iranse comunicando individualmente de conformidade co recollido no artigo 4 desta ordenanza.

Esta garantía global, será única debendo ser revisada e completada no caso de que nalgún dos traballos levados a cabo durante o exercicio fose executada en todo ou en parte.

No caso de que se incumpra a obriga establecida neste artigo, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido no apartado 1 do artigo 7.

ARTIGO 7. Reparación e danos

Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, forestal, do código de circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puideran ser de aplicación, en caso de que o responsable incumpra algunha das obrigas do artigo 5, o Concello requirirao para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poda exceder 30 días naturais. Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, si este foi atendido, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais.

De non darse cumprimento ao requirimento no prazo outorgado, se lle comunicará o inicio do procedemento para a incautación da fianza depositada e se acordará a execución subsidiaria, sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custos, a costa do obrigado, se estes non foran totalmente cubertos pola fianza.

Cando a cantidade depositada en concepto de garantía resulte insuficiente para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, o Concello elaborará un informe técnico sobre a valoración dos danos e requirirá á persoa responsable para que aboe a diferenza. No caso de non ser atendido este requirimento, o Concello exercerá as accións legais e fiscais oportunas.

ARTIGO 8. Infraccións

1. Constitúen infraccións da presente ordenanza as accións e/ou omisións tipificadas como moi graves, graves e leves, de conformidade co disposto nos apartados seguintes.

2. Son infraccións moi graves:

a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa corta e saca de madeira, ou co aproveitamento de subprodutos forestais, sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

b) Non presentar a comunicación de corta de árbores e transporte, carga e depósitos de madeiras e subprodutos, e a documentación necesaria referida no artigo 4 desta ordenanza, unha vez requirida polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

c) Non realizar os traballos necesarios para que as pistas, camiños e espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos, se fose requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no citado requirimento.

d) Ocultar ou falsear calquera dos datos aos que se refire o artigo 4 desta ordenanza.

e) Ocultar ou falsear a documentación relacionada no artigo 4 desta ordenanza.

f) Realizar os traballos de corta e saca de madeira ou o aproveitamento de subprodutos forestais usando infraestruturas, pistas, camiños, ou espazos públicos municipais para os que non se outorgou permiso de utilización.

g) Deixar as vías públicas municipais nun estado que supoña unha situación de risco grave para a seguridade da vía, segundo o informe municipal que se emita ao respecto.

3. Son infraccións graves:

a) Non presentar a solicitude de autorización e comunicación.

b) Deixar as vías públicas municipais en deficiente estado e que non supoña infracción moi grave, segundo o informe municipal que se emita.

c) Non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se construíron ou abriron para entrar nas parcelas.

4. Constitúe infracción leve calquera incumprimento dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas nesta ordenanza, que non estea cualificada como grave ou moi grave.

5. Na valoración da gravidade das infraccións terase en conta a existencia da intencionalidade, natureza dos prexuízos causados, reiteración dos feitos e a intensidade dos danos causados nas vías públicas e/ ou nos usuarios das mesmas.

ARTIGO 9. Responsables

Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de madeireiros, tanto polos actos como polas omisións das obrigas.

Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeireiros, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

ARTIGO 10. Procedemento sancionador

A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto nas Leis 40/2015, do 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ARTIGO 11. Sancións

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros
- Infraccións graves: multa de 301,01 ata 1.000 euros
- Infraccións moi graves: multa de 1.001 ata 3.000 euros

2. O importe das sancións deberase adecuar á gravidade da infracción.

3. A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza pertinentes e asumir a reparación dos danos e indemnizacións polos prexuízos e perdas causadas.

ARTIGO 12. Órganos competentes

1. Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador a persoa titular da Alcaldía ou titular da concellería en quen delegue.

2. A función instrutora recaerá na autoridade ou funcionario que designe o órgano competente para a incoación de procedemento, sen que poida recaer en quen teña competencia para resolver o mesmo.

3. Será órgano competente para resolver o procedemento sancionador a persoa titular da alcaldía, ou no seu caso, Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 13. Prescrición das infraccións e sancións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as graves as 2 anos e as leves aos 6 meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos 3 anos, as impostas por faltas graves son 2 anos, as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que fora imposta a sanción.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

DISPOSICIÓN FINAIS

ÚNICA. A presente ordenanza, entrará en vigor e transcorridos quince días dende a súa total publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: T41VJ8ODIMBR2B3MC



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

ANEXO I

1º.- DATOS DO MADEIREIRO

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF:

ENDEREZO:

CP

CONCELLO:

PROVINCIA:

Teléfono:

Tlf.móbil: _

Email

2º.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROPIETARIO DO MONTE OU PARCELA AFECTADO

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF:

ENDEREZO:

CP

CONCELLO:

PROVINCIA:

Teléfono:

Tlf.móbil: _

Email

3º.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO MONTE OU PARCELA AFECTADO

REFERENCIA CATASTRAL OU POLÍGONO / PARCELA

LUGAR

PARROQUIA

ESPECIE

MADEIRA

TN TOTAIS A EXTRAER

REFERENCIA CATASTRAL OU POLÍGONO / PARCELA



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

LUGAR PARROQUIA

ESPECIE

MADEIRA

TN TOTAIS A EXTRAER

REFERENCIA CATASTRAL OU POLÍGONO / PARCELA

LUGAR PARROQUIA

ESPECIE

MADEIRA

TN TOTAIS A EXTRAER

REFERENCIA CATASTRAL OU POLÍGONO / PARCELA

LUGAR PARROQUIA

ESPECIE

MADEIRA

TN TOTAIS A EXTRAER

4º.- OUTROS

DATAS PREVISTAS DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

Inicio:

Fin:

VEHÍCULOS E/OU MAQUINARIA A EMPREGAR (marca, modelo, matrícula, PAM e peso máximo)

LUGAR OU ESTRADA PREVISTOS PARA DEPÓSITO DA MADEIRA



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

CAMIÑOS E VÍAS A EMPREGAR NOS TRABALLOS

5º.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia do NIF do madeireiro.
- Copia da autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Ficha catastral dos montes e/ou parcelas afectados/as.
- Plano indicativo dos camiños e vías a empregar e zonas elixidas para depósito da madeira.
- Xustificante da constitución da garantía.
- Copia do seguro de responsabilidade civil.

6º.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Como responsable do depósito, saca e transporte de madeira ou aproveitamento de subprodutos descrito nesta solicitude, comprométome á reposición dos danos causados nos bens de titularidade municipal e a retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a usar, así como de todo o lixo que puidera permanecer na zona de extracción. Declaro ser coñecedor das obrigas e prohibicións reguladas nesta ordenanza.

Lugar....., de de

Asdo:

SEGUNDO: Someter o texto inicialmente aprobado a ordenanza a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello <https://concellodalama.sedelectronica.es/>

De presentarse reclamacións ou suxestións, deberán ser resoltas polo Pleno, o cal se pronunciará así mesmo sobre a aprobación definitiva.

TERCEIRO: Á súa vez, en cumprimento do establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en relación coas obrigacións de publicidade activa da información de relevancia xurídica, publicarase o proxecto de ordenanza na sede electrónica do concello.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: T41VJ8ODIMBR2B3MC



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

CUARTO: No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.

A Lama

O alcalde — David Carrera Cal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: T41VJ8ODMBR2B3MC

